

ACORDO DO CONSELLO DE GOBERNO DE 20 DE DECEMBRO DE 2019 PARA A MOBILIDADE ENTRE CAMPUS DE PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR CON VINCULACIÓN PERMANENTE Á UNIVERSIDADE DE VIGO

A Universidade de Vigo poderá autorizar cambios de adscrición a campus de prazas de profesorado na mesma área e en calquera dos campus con carácter previo á creación de novas prazas correspondentes á reserva do 15% das Ofertas de Emprego Público para persoal investigador doutor que finalizase o Programa Ramón y Cajal ou outros programas de excelencia nacionais ou internacionais, e dispoñan do certificado I3.

Así, con carácter previo á creación dunha nova praza con vinculación permanente nun determinado campus correspondente á reserva indicada, o persoal docente e investigador con vinculación permanente, poderá cambiar de adscrición a unha das prazas adscritas a outro campus do mesmo departamento e da mesma área que a praza que se pretende cubrir. De aprobarse o cambio, a nova praza crearase no campus de orixe da praza que cambia de adscrición. O traslado do/a profesor/a non se fará efectivo ata despois de celebrado o correspondente concurso da praza creada.

As persoas que acaden o cambio de adscrición de campus en base ao establecido no presente acordo, non poderán participar noutro concurso de mobilidade entre campus ata cumprir, polo menos, tres anos de servizos efectivos, con carácter de destino definitivo, no novo campus á que figure adscrito.

Procedemento

O procedemento iniciarase pola Vicerreitoría con competencia en materia de profesorado coa apertura dun prazo para formalizar solicitudes con carácter previo á aprobación definitiva do campus de adscrición das prazas que se creen ou das vacantes a cubrir.

Con esta finalidade, a Vicerreitoría abrirá un prazo de dez días naturais no que os profesores do departamento e área correspondente poderán realizar a súa solicitude.

Cando houbese máis dunha solicitude que cumpra os requisitos e non fose posible conceder á vez o cambio de adscrición de todas as prazas, a COAP elaborará a proposta consonte aos criterios de categoría e antigüidade vixentes na Universidade de Vigo.

Profesorado con vinculación permanente

Para os efectos do regulado neste acordo, considerarase profesorado con vinculación permanente á Universidade de Vigo o profesorado pertencente aos corpos de Catedráticos/as de Universidade e Catedráticos de Escola Universitaria, e aos corpos de Titulares de Universidade e Titulares de Escola Universitaria, así como os Profesores Contratados Doutores con contrato indefinido.

Extensión do acordo

O presente acordo pasará a formar parte, sen modificacións no seu contido, da futura Normativa de Mobilidade da Universidade de Vigo, que se elaborará como desenvolvemento normativo do Regulamento de Profesorado.

Contra este acordo, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación (ou dende o día seguinte ao recibimento da súa notificación), de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra este acordo recurso de reposición, no prazo dun mes contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución (ou dende o día seguinte ao recibo desta notificación), perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Vigo, 20 de decembro de 2019

O Reitor

Por delegación (RR 01/12/2018)

O vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado

Manuel Ramos Cabrer